

**RESPOSTAS ÍNTEGRAS AO CUESTIONARIO REMITIDO A TODAS AS ENTIDADES ASINANTES DO PACTO PARA O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA**

**ENTIDADES DE ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL**

**EMPRESA:** HP España

**NOME:** Helena Herrero

**CARGO:** Presidente

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

A valoración que facemos dende HP España desta iniciativa é moi positiva por dous motivos fundamentais.

En primeiro lugar, é moi importante para consolidar ao sector TIC como esencial na creación de emprego en Galicia, a mellora da competitividade das empresas e a mellora da calidade dos servizos.

En segundo lugar, trátase dun Pacto innovador e pioneiro que dá resposta á necesidade de transformar a Administración Pública así como o tecido produtivo e empresarial para ser máis eficientes grazas ao uso da tecnoloxía de maneira que o cidadán poida seguir gozando de servizos avanzados e de calidade.

Con este Pacto, Galicia demostra ter unha enorme visión de futuro á hora de converter ao sector TIC nun dos motores do desenvolvemento e a innovación na Comunidade Autónoma. O feito de que integre ademais todo o Cluster TIC garante a eficiencia e a coherencia das accións, a través dunha efectiva colaboración entre empresa e Administración.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

No contexto tecnolóxico estatal, Galicia é un referente claro. Trátase dunha Comunidade Autónoma que está a apostar polo deseño, desenvolvemento e execución dunha política tecnolóxica clara, coherente e efectiva.

Neste sentido, a Xunta de Galicia é unha das Administracións que mellor entendeu o papel da tecnoloxía como elemento diferencial á hora de desenvolver proxectos relevantes que resollen algúns dos retos que afronta a nosa sociedade. Galicia está a

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

ser capaz de desenvolver proxectos para dar aos seus cidadáns un servizo eficiente e eficaz.

Neste sentido, vimos como soubo evolucionar aproveitando os avances tecnolóxicos no ámbito da xestión da sanidade - ámbito onde foi unha das precursoras en España - trasladando esta experiencia na utilización das TIC a outras áreas de actuación da Administración.

Ademais, dende o punto organizativo, a Xunta entendeu perfectamente como articular a súa estratexia tecnolóxica co resto de Consellerías centralizando todos os servizos TIC e creando a figura da Amtega, sendo un dos precursores neste modelo de xestión orientado á eficiencia.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

O sector TIC é fundamental no crecemento da economía tanto da española coma da europea. Está previsto que, en torno ao ano 2020, tecnoloxías como o cloud computing ou o big data contribúan con 957.000 millóns de euros ao PIB europeo e creen 3,8 millóns de novos empregos no continente. Neste sentido, está claro que a tecnoloxía vai seguir sendo esencial para crear riqueza e crecer dende o punto de vista económico. España e Galicia non poden ser alleas a esa fonte de riqueza e emprego.

A tecnoloxía, ademais, pode resolver moitos dos desafíos que afronta o noso país. É o motor da innovación e é clave para que as nosas empresas, Administracións e cidadáns poidan avanzar e encontrar novas fontes de riqueza. Por iso, o valor deste Pacto é fundamental.

A tecnoloxía proporciona un aumento da produtividade e da eficiencia o que, ao final, se traduce sempre en mellores resultados para o negocio principal. Ademais, estamos nun momento onde a tecnoloxía está a establecer novos modelos de negocio baseados no xeito de empregar a tecnoloxía e consumila.

Quedarse fóra destes cambios e destes novos modelos de negocio tería unhas consecuencias moi negativas para as nosas empresas xa que, poden encontrarse que, a medio prazo, non son capaces de competir nun contexto internacional.

Isto ten moito que ver co noso principal obxectivo neste momento que é poñer en mans das persoas, as empresas e a administración pública tecnoloxías que lles permitan desenvolver proxectos relevantes e facer fronte aos retos que ten por diante a nosa sociedade.

**EMPRESA: INDRA**

**NOME: Santiago Roura**

**CARGO: Director Xeral**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Creemos que é unha iniciativa moi acertada. A situación económica actual fai necesario que España e Galicia avancen cara a un novo modelo produtivo, baseado na innovación e o coñecemento. Neste novo modelo o sector TIC ten un papel fundamental, e este acordo axudará a acelerar esta transformación, apoiando a xeración de emprego estable e de calidade no sector, a retención do talento xerado nas universidades galegas, a colaboración entre as empresas e os centros tecnolóxicos e a internacionalización das pequenas e medianas empresas co apoio das multinacionais do sector, co obxectivo último de situar a Galicia como un referente en innovación tecnolóxica.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Galicia deu pasos importantes nos últimos anos para reducir a distancia coas comunidades autónomas máis avanzadas do Estado en materia TIC, e nisto cremos que a creación da Amtega e o seu traballo a favor do desenvolvemento do sector tivo unha importancia fundamental. En calquera caso, o sector TIC galego caracterízase na actualidade por estar formado na súa maior parte por pequenas e medianas empresas, que foron capaces de xerar un coñecemento diferencial en moitos casos, pero que carecen da capacidade para trasladar ese coñecemento fóra da comunidade, a nivel nacional e internacional. Por el, a colaboración entre as multinacionais do sector e o tecido TIC galego, como formula o acordo é un elemento fundamental para garantir o desenvolvemento económico de Galicia no medio e longo prazo. Neste contexto, a aposta de Indra neste ámbito traducíuse en diferentes iniciativas como a posta en marcha do seu centro de desenvolvemento de software da Coruña (con máis de 400 profesionais), o desenvolvemento dunha plataforma avanzada de xestión de pacientes crónicos, ou o proxecto de Smart City da Coruña.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

A innovación en España experimentou un impulso considerable na última década, aínda que cun sesgo cara á investigación pública non empresarial. España conta con capital humano e empresas de vangarda nalgúns sectores tecnoloxicamente avanzados. A nosa convicción dende Indra é que a saída da crise só é posible incorporando novas solucións tecnolóxicas, que permitan un crecemento con maior produtividade e un alto valor engadido. É necesaria unha visión nacional da innovación baseada nun bo diagnóstico e traducida nun plan sostido no tempo que permita xuntar esforzos e estender o liderado das grandes compañías españolas e o seu recoñecido compromiso coa innovación ao resto do tecido produtivo español.

Neste contexto, o posicionamento e liderado internacional de Indra seguirá sendo unha prioridade e un elemento clave da estratexia de Indra nos próximos anos. O segundo eixe da nosa estratexia é o concepto de "intelixencia" e valor engadido no desenvolvemento de nova oferta sobre a que se baseará gran parte das solucións que haberá no futuro e que nós xa desenvolvemos: Smart Cities, Smart Grids, Cloud Computing Business Analytics, entre outras. O terceiro eixe é a eficiencia. Indra realiza un esforzo continuo para mellorar os procesos de xestión (para ser máis eficaces no plano referido aos custos *e fortaleza de balance*) e para ofrecer aos nosos clientes solucións e servizos do máximo nivel.

**EMPRESA: EVERIS**

**NOME: Benito Vázquez**

**CARGO: Conselleiro Delegado**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Positivamente porque o sector tecnolóxico é un claro achegador de valor e innovación, e por iso é cada vez máis importante para o desenvolvemento económico e social de calquera país desenvolvido.

É importante que dende o ámbito político se lle empece a dar a relevancia que ten, non só pola forte influencia da tecnoloxía na competitividade do resto do sectores, senón tamén dende a súa consideración como un sector produtivo máis, fonte relevante de xeración de riqueza e emprego cualificado e de calidade no marco actual de necesaria reinvencción do modelo económico de crecemento en España.

A colaboración entre as administracións públicas e o sector privado é imprescindible para articular políticas que permitan o crecemento e fortalecemento dos diferentes sectores da economía, máis se cabe no sector TIC, polo carácter transversal deste.

Polo tanto, instrumentos como este que permitan establecer un marco de colaboración entre Goberno e sector, e fixarse estratexias e obxectivos comúns son un primeiro paso sen dúbida interesante, e sobre o que haberá que seguir afondando, para o fortalecemento do sector en Galicia.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Parece que o desenvolvemento tecnolóxico tomou forza nas políticas do Goberno, onde as TIC están máis presentes que nunca nos últimos anos. Tradicionalmente Galicia era vista como un territorio con potencial no ámbito audiovisual pero parece que nos últimos anos a habido unha tendencia moi positiva en canto ao desenvolvemento tecnolóxico nalgúns outros ámbitos.

Proxectos como a incorporación da tecnoloxía nas Aulas (abalar), o Hospital 2050 e/ou iniciativas como Smart City Coruña son proxectos que se ven dende fóra como moi interesantes e que reflicten o que parece un maior compromiso das Administracións públicas en Galicia co sector tecnolóxico.

Galicia ten un peso relativo na economía estatal, pero ten todos os ingredientes para xogar un papel relevante no ámbito tecnolóxico, intensivo en talento, creatividade, innovación. Os profesionais TIC que saen das aulas das súas universidades, traballan nos seus centros tecnolóxicos ou emprenden son dun magnífico nivel. E as características de Galicia poden supoñer unha oportunidade para desenvolver tecnoloxía innovadora en sectores como a economía da saúde, a educación ou a agricultura sostible.

Isto require determinación para o establecemento de políticas que permitan esta orientación, dende a propia xeración de capital humano ata a priorización de investimentos nestes ámbitos de especialización.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

Creo que as propias políticas europeas, no marco de UE2020, reflicten claramente a importancia deste sector e que a elaboración da primeira Axenda dixital para España é un signo de que cada vez máis as políticas relacionadas coas TIC están máis presentes nos programas de Goberno.

Foi un sector cun peso moi relativo ata agora, pero que irá crescendo pouco a pouco, e que cada vez terá máis importancia, como pasa nos países máis desenvolvidos. Trátase dun sector que pode ofrecer enormes posibilidades no futuro.

Trátase do sector onde probablemente aparezan as maiores oportunidades de xeración de emprego cualificado no futuro. Por poñer un exemplo, estudos actuais de demanda de profesionais TIC falan da creación nos próximos 4 anos de case 200.000 empregos no ámbito da industria de contidos dixitais.<sup>1</sup>

Non obstante, para lograr esta creación de emprego fai falta unha aposta importante dende o ámbito político pola ciencia e a tecnoloxía, pola innovación e polo desenvolvemento de novas industrias tecnolóxicas que poidan desenvolver en España produtos e servizos para competir no mercado internacional.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto, o obxectivo de Everis é seguir colaborando e apostando con decisión como ata agora, en Galicia ao igual que en todos os mercados nos que estamos presentes no resto de España e internacionalmente, por achegar valor dende o talento, a innovación e o emprendemento. A nosa vocación é sempre de compromiso e liderado nos mercados nos que operamos, buscando a excelencia, a calidade e a produtividade necesarias para mantermos no *top of mind* dos nosos clientes e socios.

**EMPRESA: TECNOCOM**

**NOME: Javier Martín García**

**CARGO: Conselleiro Delegado**

### **¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Valoramos esta iniciativa de forma moi positiva, xa que o sector tecnolóxico impulsa o desenvolvemento en todos os ámbitos contribúe de forma notable á mellora das perspectivas de futuro do sector e dos seus profesionais que na actualidade xera máis de 136.000 empregos directos. O devandito impulso por parte das institucións públicas como é neste caso a Xunta de Galicia xera emprego de calidade e contribúe a mellorar a eficiencia e competitividade do resto dos sectores.

### **¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Tecnocom é unha empresa establecida na CCAA dende hai moitos anos. O centro de produción en Galicia está dentro dos 3 primeiros a nivel mundial e é un dos principais exportadores ao resto de mercados, sendo un dos principais empregadores de persoal cualificado da rexión.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia ten un nivel de desenvolvemento tecnolóxico con percorrido de mellora en canto á conectividade dixital sobre todo en zonas rurais, e alto en canto aos sistemas de información empregados en comparación co resto do territorio estatal.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

O sector Tecnolóxico é fundamental para o desenvolvemento económico dun país, non só por valor intrínseco sobre o PIB senón polo seu papel multiplicador deste sobre o resto de sectores. É un sector intensivo en profesionais de alta cualificación e xestión do coñecemento.

As novas fontes de ingresos son os mercados internacionais nos que o crecemento foi dun 33,4% no último ano. En España produciuse unha redución do emprego dun 1,4% que non obstante, se ve compensado por un incremento do 42,1% nas filiais do exterior.

Tecnocom ten como obxectivo ser a compañía española líder en solucións Tecnolóxicas e externalización de procesos para os seus clientes.

O noso foco está no desenvolvemento internacional, fundamentalmente en Latinoamérica, que xa supón un 25% dos ingresos soportado nunha estratexia de Near-Shore fronte ás grandes multinacionais estranxeiras que apostan polo Off-Shore, sen descoidar o noso negocio en España no que queremos seguir a senda da excelencia na execución e diferenciarnos pola especialización sectorial. Neste sentido a nosa achega á modernización e o avance da Administración Pública, como sector específico, consideramos que é posible grazas ao apoio e colaboración con clientes como a Xunta de Galicia.



**EMPRESA: INFORMÁTICA EL CORTE INGLÉS, IECISA**

**NOME: José Aracil Gallardo**

**CARGO: Director - Xerente**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Moi ben, porque está na liña que recomendan as tendencias do mercado. Xa hai outros países onde se puxeron en marcha modelos similares nos que se conseguiron maior eficiencia e unha redución de gasto. A eficiencia conduce a poder dedicar presupostos a reinvestir noutros proxectos TIC que benefician o cidadán, ao empregado público e á industria.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Galicia foi referente en moitos proxectos que puxeron en marcha as súas Administracións Públicas e conta con empresas de TIC relevantes.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

É moi importante. É un dos sectores onde se pode achegar moito talento e, ademais, ser fonte de exportación de produtos e servizos de valor engadido. Neste sentido é relevante o dato que publicou recentemente a Asociación Española de Empresas de Consultoría segundo o cal as vendas internacionais de empresas españolas de TI creceu un 27,1%.

En canto á miña empresa, seguimos investindo en adaptar a tecnoloxía de forma innovadora aos procesos dos nosos clientes. Tamén estamos a abrir sucursais noutros países para traer proxectos nos que podemos aplicar a experiencia adquirida.

**EMPRESA: SATEC**

**NOME: Teresa Taubmann**

**CARGO: Directora Xeral do Grupo SATEC**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Valoramos moi positivamente a iniciativa. En SATEC sempre pensamos que -a colaboración entre os distintos actores no sector-, é unha condición indispensable para que as TIC sexan un elemento catalizador do necesario "cambio de modelo produtivo". Esta iniciativa parécenos que pode reforzar e concretar esta colaboración.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En SATEC cremos que en Galicia se dan as condicións para que compañías como a nosa localicen investimentos en centros especializados de alto valor: Recursos humanos ben formados, empresas e plataformas de base tecnolóxica coas que colaborar en proxectos e nas que apoiarse en programas de innovación, grandes empresas e administracións que nos deron a súa confianza en diferentes ámbitos de actividade.

Esta realidade permítenos, por unha parte prestar e producir servizos de calidade dende Galicia para todos os clientes de SATEC, por outra, constitúe un elemento fundamental á hora de traspasar o coñecemento entre as diferentes empresas do Grupo contribuindo así dende Galicia ao noso esforzo de internacionalización.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

Como multinacional TIC Española cremos que o importante de compañías como a nosa é "proporcionar ao cliente o verdadeiro valor das nosas solucións tecnolóxicas". Tamén comentamos en numerosas ocasións que en España é necesario máis protagonismo das TIC en xeral e das compañías TIC nacionais, no crecemento da economía e no necesario incremento de produtividade.

Non deixamos de recoñecer que aínda habendo compañías españolas que son referentes importantes no sector, non obstante faltounos "concretar este valor que producimos día a día para os nosos clientes, en produtos e servizos TIC replicables e exportables".

Sendo isto así, os nosos obxectivos pasan por -exportar os nosos coñecementos nos diferentes sectores económicos-, nos mercados internacionais nos que estamos presentes de forma que estes supoñan a curto prazo o 50% do volume de negocio do grupo.

### ÁMBITO GALEGO

**ENTIDADE: CLÚSTER TIC GALICIA**

**NOME: Antonio Rodríguez Del Corral**

**CARGO: Presidente**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sector TIC é un dos que mellor está resistindo a crise. O feito de ser un dos sectores máis dinámicos e con menos barreiras á hora de incrementar as exportacións, e xunto co de ser uns dos factores clave escollidos pola UE para recuperar a economía europea, posiciónanos como un dos sectores económicos prioritarios para o futuro de Galicia.

Este Pacto é a constatación de que o Goberno galego comparte esta visión e felicitámonos dos importantes compromisos que se plasman no texto do documento.

Como Clúster, o noso obxectivo dentro deste Pacto é, en primeiro lugar, favorecer en todo o posible o uso do produto tecnolóxico galego, en todos os ámbitos, pero especialmente nas solucións innovadoras para os sectores públicos. As empresas tecnolóxicas galegas son na súa maioría pemes, aínda que temos cada vez máis grandes empresas e produto especializado, polo que no desenvolvemento deste pacto poderemos ver moita máis presenza empresarial galega en pé de igualdade coas grandes tecnolóxicas foráneas.

### **¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Galicia ten moitos produtos tecnolóxicos que compiten internacionalmente, pero aínda unha parte importante do sector son empresas puras de servizos. O reto é pois saber combinar produto tecnolóxico con servizo. Hai que incorporar máis produto tecnolóxico e I + D nas empresas e axudarlles a gañar tamaño e a internacionalizarse.

Nisto tamén esperamos que este Protocolo nos axude, xa que unha das mellores tarxetas de presentación dunha empresa no mercado internacional é a de contar con proxectos demostradores exitosos na súa terra. Ser profeta na túa terra te axuda a internacionalizarte. Cando vemos produtos innovadores que veñen de fóra, moitas veces esquécenos que eses produtos foron xerados en primeira instancia grazas a un cliente público innovador que confiou nas súas empresas locais. A Amtega demostra con este pacto que quere asumir ese papel e por iso nos temos que felicitar.

Grazas a este protocolo poderemos desenvolver en Galicia e por Galicia proxectos tractores que aumenten a eficacia da administración e que sirvan ademais como tarxeta de presentación para a exportación. Por iso facía falta este instrumento, xa que permitirá definir esquemas de colaboración público privada, non só entre a administración e o sector TIC, senón tamén incorporando outros sectores privados que prestan servizos en ámbitos regulados, como o transporte, a educación, a loxística, a seguridade alimentaria, o medio, etc.

### **¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual?**

Ao revés que noutros sectores da economía, o sector tecnolóxico ten a tendencia económica global a favor. É un sector que crece globalmente e que tirará da nosa

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

economía se sabemos posicionarnos nas tendencias globais. En xeral, no mundo crecen as aplicacións sobre internet móbil, o software encaixado e industrial, a distribución multimedia aberta, os servizos públicos innovadores e a electrónica de consumo.

Nas economías máis avanzadas, o peso do sector TIC global chega ata o 10%, e en cambio na economía galega e española teñen aínda máis peso relativo outros sectores primarios. En Galicia e en España necesitamos reconverter a estrutura da nosa economía, incrementando o peso dos sectores asociados ao coñecemento e desprazando emprego de baixa calidade cara a emprego de alta calidade. Necesitamos unha política educativa, de formación profesional, universitaria e de incentivos que axuden a recuperar o desfase estrutural con outras economías.

Un sector TIC exportador non só necesita enxeñeiros e programadores, senón tamén artistas, deseñadores, gráficos, especialistas audiovisuais, gravadores de datos, instaladores, electricistas, operarios de mantemento, operarios en fábricas de compoñentes ou produtos ou de ensamblado, formadores, documentalistas, testers,...

Por iso, cremos que este Protocolo é unha peza clave da ambición para que Galicia se sitúe á cabeza de España á hora de cambiar o modelo produtivo, de forma que alcancemos canto antes unha redistribución de emprego cara aos sectores da economía que máis crecen globalmente.

**EMPRESA: TELEVÉS**

**NOME: Ramón Bescansa de la Gándara**

**CARGO: Presidente da Corporación Televés**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Valorámola como positiva, xa que esperamos que a lei dixital axude de forma decidida ao sector TIC galego, e estableza plans para alcanzar os obxectivos das axendas dixitais e da acción horizonte 2020.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Salvo excepcións, non hai empresas intensivas no coñecemento e polo tanto a nosa posición é débil, necesario tamén aquí un esforzo, primeiro para fortalecer as devanditas excepcións, e segundo para promover a creación de empresas de base tecnolóxica con proxección internacional.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

As empresas tecnolóxicas son o soporte certo para asegurar o mantemento da actividade económica, pero tamén a administración é un actor clave para promover o crecemento económico establecendo un marco legal que favoreza o desenvolvemento tecnolóxico e empresarial nas TIC.

En relación coa compañía e dende a firme convicción de manter a fabricación en Galicia, o noso obxectivo é agrandar a nosa posición internacional, demandar en Galicia, España e Europa infraestruturas nos edificios e fogares con valor, e sitio no espectro para o sector audiovisual clave para o desenvolvemento da televisión.

En definitiva apostamos pola economía do coñecemento versus industria financeira.

**EMPRESA: R (R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.)**

**NOMBRE:** Arturo Dopico

**CARGO:** Conselleiro Delegado de R

**¿Cómo valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Que en Galicia consideremos as TIC coma un dos sectores clave do futuro para a creación de emprego de calidade e para o desenvolvemento integral da sociedade galega é unha boa nova. E amosa, ademais, sentido da oportunidade e visión estratéxica. Cómpre unha estreita colaboración entre a Administración e o sector galego das TIC para acadar o obxectivo de situar a Galicia á vangarda das rexións europeas no eido da Sociedade do Coñecemento e as Telecomunicacións; unha colaboración traducida en compromisos concretos que axuden a consolidar o tecido industrial das TIC galegas. Neste intre vívese unha situación excepcional en Galicia cun grupo numeroso de empresas que estamos tratando de facer camiño nas TIC. Sirva coma exemplo que en R a meirande parte das actividades que facemos con empresas externas facémolo con empresas con sede en Galicia. E iso é un privilexio e unha boa nova para todos os que queremos seguir traballando e vivindo na terra. Por iso pensamos que esa aposta polas empresas de aquí podemos e debemos facela todos, cantos máis mellor, sector público e sector privado. Todo suma para xerar un tecido empresarial sólido que avale o futuro profesional das novas xeracións na súa propia terra.

**¿Cómo ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Grazas, en parte, ao que achegan as telecomunicacións -no senso de reducir as distancias entre persoas e empresas- podemos dicir que xa non importa tanto que en Galicia teñamos un "Finisterrae". Vivimos nun mundo globalizado que tende á uniformidade, polo que non é mala idea cultivar elementos de diferenciación de verdade. Entre outros, unha estratexia decidida de modernización do modelo socioeconómico. Esa estratexia camiña vencellada en Galicia á aposta da Administración galega (a través da Axenda Dixital de Galicia) e complementando a actividade do sector privado, pola economía do coñecemento e o desenvolvemento das Tecnoloxías da Información. Galicia pode e poderá seguir competindo no contexto tecnolóxico estatal e mundial se continúa a investir en innovación, en despregamento de infraestruturas de telecomunicacións, en capacitación dos cidadáns para que se integren plenamente no contorno dixital. E se prosegue a apostar, parellamente, polo rural galego para garantir a cobertura tecnolóxica tamén nestas zonas, e polas pemes especializadas que poden competir nos mercados internacionais, entre outras medidas concretas.

**¿Cómo valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

É incuestionable que, a día de hoxe, o desenvolvemento axeitado do sector tecnolóxico é determinante na produtividade e no crecemento económico de calquera rexión ou país. De feito, no propio texto do pacto que hoxe asinamos recóllese un dato moi significativo: “As TIC explican case o 25% do crecemento anual do PIB na UE e proporcionan máis do 40% do aumento anual da produtividade sendo un catalizador para inducir á creación de ata seis postos de traballo por cada emprego directo creado no sector”.

En R, dende sempre, a innovación ocupou un lugar primordial para nós, coma é lóxico. E nesta conxuntura complexa reafirmamos a nosa convicción de que hai que ser creativos e innovar a todos os niveis. Só desta maneira estaremos cada vez máis preparados para competir. Falando xa de proxectos concretos, en R continuaremos a traballar na converxencia tecnolóxica, en levar os servizos máis avanzados de telecomunicacións tamén ás zonas de difícil acceso en Galicia... Wificlientes R, televisión en alta definición por fibra óptica, 200 megas ... son só diferentes capítulos dunha historia que de contado se vai completar coa integración nas nosas vidas dos fogares e das cidades intelixentes. Aí estamos tamén, intentando contribuír á mellora da calidade de vida de todos os habitantes de Galicia e, sobre todo, tratando de que coa nosa actividade e coas nosas ideas xurdan liñas de traballo para e dende Galicia. Entre todos, podemos logralo.



**EMPRESA: ALTIA**

**NOME: Constantino Fernández Pico**

**CARGO: Presidente**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

De forma positiva. O Goberno de Galicia aposta polas Tecnoloxías como elemento de transformación e avance da sociedade e como oportunidade para o desenvolvemento empresarial e a xeración de emprego.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Penso que Galicia dispón dun sector de alto potencial no que figuran varias empresas que, en diferentes ámbitos, están a competir en primeira liña. Creo que en Galicia estamos no que poderíamos denominar *capa alta* en canto a despregamento e implantación de tecnoloxías e en canto a capacidade do sector TIC.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

A importancia do sector TIC é alta e, ademais, crecente. É unha grande oportunidade de desenvolvemento económico para España, que xera emprego de calidade e que, en gran parte, xira en torno ao talento.

Particularmente, Altia pensa en seguir crecendo, de forma ordenada e sostible, principalmente en España onde a nosa cota de mercado é moi pequena. O noso obxectivo en 2013 é crecer un 40% e, no futuro, consolidarnos como un dos principais actores do sector en España.

**EMPRESA: COREMAIN S.L.U.**

**NOME: Luis Alfonso Álvarez Sestelo**

**CARGO: Director Xeral**

**¿Como valora esta iniciativa do Goberno galego?**

Positivamente sempre que non quede nun mero acto de firma. Débese proceder canto antes á definición dun plan ou plans concretos cun calendario, resultados esperados e métricas da súa evolución.

**¿Como ve a Galicia dentro do contexto tecnolóxico estatal?**

Como un polo tecnolóxico de relevancia. Na nosa Comunidade danse circunstancias especiais (presenza de axentes de toda a cadea de valor do sector TIC, un nivel tecnolóxico da sanidade referente a nivel mundial, orografía axeitada para pilotos de diversas tecnoloxías de comunicación ou e de asistencia remota,...) que permiten, xunto cun nivel de calidade de vida axeitado e un nivel salarial moderado, que se desenvolvan dende aquí iniciativas con resultados a nivel global. Fáltanos elevar o nivel de idiomas porque en coñecemento tecnolóxico competimos de igual a igual co resto do mundo.

**¿Como valora o peso do sector tecnolóxico no crecemento da economía española no contexto actual e cales son os principais obxectivos da súa compañía neste momento?**

España está reducindo o seu peso a nivel sectores industriais e só nos van quedar como referencias a nivel global algunhas entidades financeiras e algunhas utilities. O sector tecnolóxico pode ser motor da economía cun nivel de investimento máis reducido o que nestes momentos hai que converter en vantaxe competitiva. O que se necesita é unha aposta clara de país para iso.

O principal obxectivo de Coremain é unha mellora de competitividade incorporando produtos á nosa oferta o que nos permitirá iniciar a senda da internacionalización cun nivel de risco controlado. A aposta de produtos irá apancada na especialización sectorial, destacando o sector sanitario e o sector telecomunicacións e coa posible creación de centros de competencias na nosa Comunidade en colaboración con outras

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

organizacións tanto locais coma internacionais, ao mesmo tempo que actuarán de tractores para o sector de start-ups tecnolóxicas coas que xa estamos a colaborar.